



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE PAU” EN A ILLA DE AROUSA

En A Illa de Arousa, a dezaseis de novembro de dous mil dezaseis.

REUNIDOS




DE UNHA PARTE: D. Carlos Iglesias Cores, maior de idade, con DNI nº 35.464.565-Z, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), con CIF nº P-8600004-I, de acordo con nomeamento efectuado polo Pleno en sesión celebrada en data 13 de xuño de 2015, con facultade para subscribir o presente contrato en nome da corporación segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2016.

DE OUTRA PARTE: D. Pablo Valiñas Monteagudo, maior de idade, con DNI nº 44.086.301-Q, actuando en calidade de administrador único da entidade Nexia Infraestructuras SLU, con CIF nº B-27802503 e domicilio na Lugar de Ermida s/n – 36158 Marcón (Pontevedra).

Reconocéndose ambas partes respectivamente competencia e capacidade legal suficientes, conveñen subscribir o presente contrato administrativo para a execución da obra de ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE PAU cujos antecedentes administrativos e cláusulas son:


ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS



Primero.- O proxecto técnico e o orzamento da obra cuia execución se contrata foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2016, cun importe de execución material de 73.634,46 euros, e 15.463,24 euros en concepto de IVA, cun total de 89.097,70 euros.

Segundo.- O expediente de contratación de la obra foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2016.

Tercero.- A contracción do gasto foi efectuada pola Intervención con cargo á aplicación orzamentaria 337.63200, realizándose a fiscalización previa o día 16 de setembro de 2016.



Cuarto.- A adxudicación deste contrato tivo lugar por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2016, sendo o procedemento elixido o negociado sen publicidade por razón da cuantía.

CLÁUSULAS DO CONTRATO

Primeira.- D. Pablo Valiñas Monteagudo, en representación da entidade Nexia Infraestructuras SLU, se compromete a executar as obras de ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE PAU con estricte suxección ó proxecto técnico e orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 18 de febreiro de 2016.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

Segunda.- O precio deste contrato é de 73.345,21 euros, e 15.463,24 euros en concepto de IVA, cun total de 89.097,70 euros.

Tercera.- O prazo de execución da obra será de DOUS MESES.

A comprobación do replanteo terá lugar dentro dos dez días naturais seguintes á formalización deste contrato.

O prazo de garantía é de 36 meses a contar dende a data na que se realice a recepción das obras.

Cuarta.- Para responder do cumprimento das obrigas derivadas do presente contrato, o adxudicatario constituíu a favor da Administración unha garantía definitiva por importe de 3.667,26 euros, da entidade ABanca de data 28 de outubro de 2016 e inscrito no Rexistro de Avais co número 357348, cuio resguardo se une ó presente como anexo nº 1.

Quinta.- O contratista presta a súa conformidade ó contido do contrato, e ambas partes se someten ó disposto no Pliego de Cláusulas Administrativas Xerais para contratos de obras, ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e ás demais disposicións regulamentarias de desenvolvemento e, supletoriamente, á Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuos acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ó disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

Para a debida constancia de todo o convenido se asina este contrato no lugar e data ó principio mencionado.

O ALCALDE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

O CONTRATISTA

Asdo. Pablo Valiñas Monteagudo

ANTE MÍN
O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello